

# PETISCOS



## DE GALICIA



PODCASTS SOBRE  
GASTRONOMÍA GALEGA



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

POLOS  
CREATIVOS



BIBLIOTECAS  
ESCOLARES  
DE GALICIA



## PODCAST ESCOLAR “Petiscos de Galicia”



Petiscos de Galicia é un proxecto de podcast de radio escolar deseñado e coordinado polo EDLG do CEIPP A Fraga das Pontes, no que participan colexios de toda a comunidade galega, coa finalidade de investigar, divulgar e poñer en valor as receitas tradicionais de Galicia a través da lingua galega e dos medios de comunicación. Os centros conectaron entre si a través da rede social Instagram grazas á conta educativa da coordinadora @aclasede\_fun, moitos deles xa participaron xuntos o curso pasado na compilación do Caderno As Nosas Cantigas.

Cada centro educativo creará un ou varios episodios de radio nos que o alumnado presenta unha receita típica da súa zona, combinando información gastronómica, cultural e social. Os programas poden incluír narracións, entrevistas, curiosidades e lembranzas familiares.

### Relación coa área de Lingua Galega e Literatura

O proxecto Petiscos de Galicia está directamente ligado aos criterios de avaliación da área de Lingua Galega en Educación Primaria, xa que o alumnado:

- Produce textos orais planificados (podcast radiofónico) axeitados á situación comunicativa.
- Elabora e revisa guións en lingua galega, respectando normas básicas de coherencia e cohesión, aplica normas ortográf.
- Mellora a expresión oral, a dicción, o ritmo e a entoación.
- Amplía o vocabulario relacionado coa cociña, as tradicións e a vida cotiá galega.
- Usa o galego como lingua vehicular de creación e comunicación, reforzando a autoestima lingüística.

### Relación coa área de Ciencias Sociais

Desde a área de Ciencias Sociais, o proxecto permite traballar e avaliar:

- O coñecemento e respecto polo patrimonio cultural galego, especialmente o gastronómico.
- A identificación de costumes e tradicións propias da contorna.
- A relación entre os alimentos, o territorio, o clima e as actividades económicas locais.
- A localización xeográfica das receitas dentro de Galicia.
- A participación responsable en proxectos colectivos e colaborativos a nivel autonómico.


### Vinculación coas Letras Galegas 2026: Begoña Caamaño

Petiscos de Galicia conecta de maneira especial coa celebración das Letras Galegas 2026, dedicadas a Begoña Caamaño, xornalista e escritora galega.

Este proxecto rende homenaxe ao seu labor:

- Traballando o xornalismo radiofónico como medio para informar e contar historias reais.
- Dando voz ás persoas da comunidade, especialmente ás xeracións maiores, seguindo o espírito divulgador e social do seu traballo.
- Fomentando o uso do galego como lingua de comunicación, análise e compromiso cultural.
- Entendendo a radio como un espazo para conservar a memoria colectiva, igual que Begoña Caamaño fixo ao longo da súa traxectoria profesional.

# CENTROS PARTICIPANTES



**ACCESO AO PROGRAMA  
COMPLETO**

1. CEIPP A FRAGA - AS PONTES
2. CEIPP VICENTE OTERO VALCÁRCCEL - CARRAL
3. CEIP NICOLÁS DEL RÍO - CEDEIRA
4. CEIP CELSO EMILIO FERREIRO - CERCEDA
5. CEIPP TARRÍO - CULLEREDO
6. CEIPP OS CASAIS - FENE
7. CEIP LEDICIA - FERROL
8. CPI CASTRO BAXOI - MIÑO
9. CEIPP DE LOURO - MUROS
10. CEIP JOSÉ MARÍA LAGE - ORTIGUEIRA
11. CEIP ADR CASTELAO - RIANXO
12. CPI FONTE DÍAZ - TOURO
13. CEIP DE PRÉSARAS - VILASANTAR
14. CEIPP SAN VICENZO - VIMIANZO
15. CEIP MENÉNDEZ PELAYO - LUGO
16. CEIPP GREGORIO SANZ - RIBADEO
17. CEIPP ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ - SARRIA
18. CEIP FREI LUÍS DE GRANADA - SARRIA
19. CEIPP VIRXE DO CARME - SOBER
20. CEIP MATO VIZOSO - VILALBA
21. CEIP DE COVAS - VIVEIRO
22. CEIP PLURILINGÜE DE GALDO - VIVEIRO
23. CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN - XOVE
24. CEIP AMOR RUIBAL - BARRO
25. CEIPP SAN ROQUE DE DARBO - CANGAS
26. CEIP XESÚS GOLMAR - LALÍN
27. CEIP MESTRE MARTÍNEZ ALONSO - MOS
28. CEIP SESTELO - BAIÓN - VILANOVA DE AROUSA
29. CEIP PINTOR ANTONIO FERNÁNDEZ - GOIAN.  
TOMIÑO
30. CEIP CERDEIRIÑAS - VILA DE CRUCES
31. CEIP VILAXOAN - VILAGARCÍA
32. CEE VILAGARCÍA - VILAGARCÍA
33. CEIPP RAMÓN OTERO PEDRAYO - AMOEIRO
34. CEIPP PRINCESA DE ESPAÑA - VERÍN